



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## **Soporte á Docencia (SD)**

Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea

A Coruña, 28 de xuño de 2007



## Sumario

---

1. Denominación .....	36
2. Xustificación .....	36
3. Misión .....	39
4. Funcións .....	40
5. Accións .....	41
6. Principios fundamentais .....	43
7. Dependencia funcional e orgánica .....	43
8. Composición .....	43
9. Infraestrutura .....	44
10. Colaboración con outros organismos, centros, servizos e/ou unidades ..	44
11. Localización e contacto .....	45
12. Imaxe corporativa .....	45

## 1. Denominación

Soporte á Docencia (SD)

## 2. Xustificación

A Universidade da Coruña asume entre os seus obxectivos fundamentais promover a plena integración no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e ofrecer unha docencia de calidade para a formación integral dos estudantes, de acordo ao que establecen os artigos 2.2 e 54.1 do seus Estatutos. Así se constatou mediante a creación da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea que asume de pleno a planificación, desenvolvemento e avaliación dun gran número de iniciativas que teñen como finalidade promover a adaptación progresiva do noso sistema de educación superior e a construción do EEES.

A nosa universidade participa activamente deste proceso, do que se ben se establecen as súas orixes, non se vislumbra un final, en canto que se asume como un proceso en continua progresión. Aínda que actualmente cada universidade atópase nun punto distinto deste percorrido falamos da situación actual como dun período de adaptación. Este período ten permanencia para cada universidade en tanto non obteña a mención ECTS que a acredite como unha institución de ensino integrada no EEES. Neste camiño a nosa universidade apostou por unha estratexia de anticipación mediante o despregue dun plan de acción pensado en clave institucional que se fundamenta no desenvolvemento dun exercicio metodolóxico de importantes implicacións no ámbito tanto da docencia como da xestión.

Como apoio a este proceso de adaptación destacan no plan dos actuais títulos oficiais de 1º e 2º ciclo a participación nas accións piloto ACSUG. Ademais destas, a UDC asumiu accións propias como a Avaliación Docente, os programas de formación continua de apoio á docencia, os Contratos Programa, os Grupos Departamentais de Calidade, así como outras que tamén, desde un plano integral, contribúen ás melloras necesarias para facer efectiva unha plena integración no EEES. A nivel das ensinanzas de posgrao estase implantando unha ampla e interesante oferta académica de Másters Oficiais ao tempo que se están deseñando novos estudos propios de posgrao segundo o novo sistema de créditos ECTS.

Nesta liña cabe destacar o Proxecto GADU para a elaboración dun modelo de harmonización da docencia, que propón un exercicio metodolóxico desde o que se abordaron de forma integral todos os pasos necesarios, así como os soportes técnicos e metodolóxicos fundamentais para a planificación e desenvolvemento da docencia de acordo ao sistema ECTS. A través deste proxecto promoveuse a coordinación do profesorado a nivel de centros, titulacións, áreas e materias na redefinición dos actuais títulos en termos de competencias académico-profesionais para a posterior elaboración das guías docentes, que se sustentan sobre a base dun modelo que contempla a docencia desde unha dimensión integral nas súas diferentes modalidades.

Paralelamente ao desenvolvemento destas iniciativas, nas que de forma individual e/ou de grupo o colectivo docente tomou parte, orientadas todas elas a promover unha progresiva adaptación das titulacións de acordo ás directrices do proceso de Bolonia, foi necesario canalizar un asesoramento e apoio metodolóxico para articular o novo modelo de planificación da docencia que serve como punto de referencia a todo o profesorado da nosa universidade. Esta dimensión preséntase como un eixe clave que tamén ten importantes implicacións no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á educación, en canto constitúen un enclave esencial para sistematizar e canalizar os soportes de apoio á docencia que, non só fan posible afrontar o actual proceso de adaptación senón mirar cara a progresiva e continua construción do EEES máis alá do recoñecemento mediante a obtención da mención ECTS.

Neste sentido, a necesidade que suscitou establecer un soporte metodolóxico á docencia de forma continua, mediante unha atención aos usuarios que participan a través das diferentes iniciativas na construción de novas experiencias docentes acorde ao sistema ECTS, non debe entenderse como unha cuestión puntual. Este novo escenario da educación superior orixinado a partir do Proceso de Bolonia constitúe unha oportunidade ideal para sistematizar estes novos servizos, non só polas necesidades actuais de converxencia, senón porque son un elemento esencial para cumprir co obxectivo de proporcionar unha docencia de calidade para a formación integral dos estudantes da nosa universidade.

Todas estas formulacións sustentáanse sobre a base de favorecer a mellora continua da docencia de acordo á evolución das necesidades propias do noso contexto actual. Neste sentido, desde un plano global, non podemos perder de vista que, na súa evolución, unha característica común á maior parte das universidades, no ámbito dos títulos oficiais que imparten, é que se configuran como institucións de ensino presencial. No obstante, aínda contemplándose deste modo, cada vez deixa de ser un modelo exclusivo como tal en beneficio de modelos mixtos, dando cabida a novas formas derivadas das posibilidades que nos ofrecen as TIC, así como os cambios a nivel metodolóxico sobre os que se constrúe o novo EEES. Nos referimos, polo tanto, aos modelos semipresenciais, nos que, se ben, predomina o presencial sobre o non presencial.

Ademais dos títulos oficiais, as universidades desenvolven unha gran diversidade de accións a través de programas de formación continua nos que cada vez predominan máis experiencias sustentadas en modelos ben exclusivamente non presenciais ou, que tratándose de modelos mixtos, hai un predominio no non presencial sobre o presencial.


A Universidade da Coruña responde a unha institución que se sitúa no contexto que acabamos de describir. Desde fai anos son numerosos os esforzos para favorecer este desenvolvemento, especialmente desde o vértice que supón o proceso de adaptación ao EEES. É precisamente sobre esta nova realidade desde a que asumimos un proceso de reflexión continua para dar resposta ás necesidades derivadas deste novo contexto.

A configuración e o desenvolvemento harmónico de modelos de ensino mixtos están condicionados a multitude de variables. A nosa universidade percorreu un

importante camiño neste terreo. Cabe destacar accións que incidiron na mellora das infraestruturas tecnolóxicas, na formación para a integración das TIC na docencia, así como o incipiente traballo metodolóxico desde o que se articula un proceso de harmonización da docencia en consonancia co novo EEES. Se ben, debemos valorar de forma positiva o camiño percorrido en tan pouco tempo, non menos importantes son os retos que debemos afrontar sobre a base deste traballo realizado para mellorar a calidade dos nosos servizos á comunidade universitaria e á sociedade en xeneral.

Para asegurar a calidade no desenvolvemento dos diferentes modelos de ensinos (presenciais, semipresenciais e non presenciais), temos que asumir o reto de conxugar harmonicamente tres piares fundamentais e a súa vez complementarios dunha mesma realidade:

- O **soporte metodolóxico** aos diferentes modelos de ensino.
- O **soporte tecnolóxico** ao **campus virtual**.
- O **soporte técnico** á **producción de material didáctico multimedia (MDM)** para a aprendizaxe.



Tomando en consideración estes referentes fundamentais, asumimos que desde a experiencia actual danse necesidades de intervención no plano técnico e metodolóxico que nos sitúan no reto de que sexamos capaces de conxugar estas dúas dimensións para que, dun modo organizado e sistemático, se realice de forma continua un servizo de calidade de apoio á docencia; que afronte non só as necesidades actuais derivadas das iniciativas levadas a cabo neste momento do proceso de converxencia, senón que aborde o desenvolvemento de servizos e proxectos de innovación educativa/tecnolóxica. Estes deben estar orientados a potenciar os procesos de ensino e aprendizaxe mediante a sistematización dunha asistencia permanente para a elaboración de novos soportes que permitan dinamizar a produción, xestión e difusión de espazos, experiencias e recursos educativos de apoio para a constante mellora e innovación no ámbito da docencia, con fin de contribuír dun modo eficiente e eficaz á xestión do coñecemento.

Co obxecto de garantir a sistematización dos servizos derivados desde o plano metodolóxico no ámbito da docencia, así como as súas implicacións no campo da innovación tecnolóxica para promover a plena integración no EEES, de cara a favorecer unha docencia de calidade para a formación integral dos estudantes e, de acordo aos Estatutos da Universidade da Coruña (artigos 2.2, 54.1 e 105.1), propónse a creación dunha comisión de Soporte á Docencia (SD).

Finalmente, o SD xustifícase tamén en atención ás actuais recomendacións que o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) dirixe a través da Comisión para a Renovación das Metodoloxías Educativas na Universidade (CRMEU, 2006), indicando o interese que ten para as universidades asumir iniciativas vinculadas coa “creación dalgunha instancia institucional para soporte metodolóxico á docencia, de carácter técnico, que sirva de apoio aos procesos de innovación metodolóxica”.

A dita comisión toma como base unha estrutura na que se contempla un perfil metodolóxico e outro de corte tecnolóxico como ámbitos indisolubles para o desenvolvemento das funcións que garantan un servizo de excelencia e calidade á comunidade educativa no contexto da educación superior.

### 3. Misión

A omisión de Soporte á Docencia (SD) ten como misión deseñar, informar, coordinar, desenvolver e avaliar procesos, accións, proxectos e programas dirixidos ao persoal, centros e servizos da UDC, que se fundamentan en harmonizar a integración dos recursos técnicos e metodolóxicos de apoio ao ámbito da docencia, a xestión e a investigación educativa.

Asume como fin principal dar soporte metodolóxico á docencia no proceso de adaptación das titulacións e implantación das novas ensinanzas propias e oficiais de grao e posgrao, en consonancia coa aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) á educación; promovendo a calidade, a innovación e a excelencia da docencia universitaria no marco da adecuación da Universidade da Coruña ao proceso de Bolonia, para impulsar e favorecer a adaptación progresiva do noso sistema de ensino superior e a construción do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

## 4. Funcións

A comisión de Soporte á Docencia asumirá entre as súas funcións:

- Difundir o proceso de Bolonia no contexto do ensino superior e especialmente no entorno académico da UDC para a progresiva adaptación e construción do EEES.
- Prestar apoio metodolóxico e técnico para a innovación constante no ámbito da docencia nas diferentes áreas e materias que conforman o mapa de titulacións e estudos da UDC.
- Promover o desenvolvemento de recursos e materiais de carácter pedagóxico en distintos formatos e soportes que sirvan de apoio aos procesos de ensino e aprendizaxe nas súas diferentes modalidades.
- Contribuír á mellora da capacitación docente no plano metodolóxico e técnico en coordinación con aqueles centros, servizos e/ou unidades da UDC desde os que se dirixen os programas e actividades de formación continua ao profesorado.
- Prestar asesoramento metodolóxico e técnico para promover o desenvolvemento de proxectos de innovación na docencia no contexto do proceso de adaptación e construción do EEES.
- Favorecer a participación da UDC en experiencias e proxectos no contexto da colaboración interuniversitaria, así como en convocatorias oficiais de organismos públicos orientados á mellora dos servizos de carácter tecnolóxico e metodolóxico dentro do proceso de adaptación e construción do EEES.
- Promover e apoiar a avaliación das accións e procesos que desenvolva a comisión en colaboración cos usuarios tanto internos como externos para a mellora e adaptación ás necesidades de cada momento.
- Dar soporte metodolóxico ás accións relacionadas co ámbito da teleformación nos procesos de virtualización da docencia para a aprendizaxe no marco do EEES.
- Desenvolver estudos e informes sobre o tratamento das metodoloxías docentes nas distintas ensinanzas universitarias.
- Crear e coordinar unha publicación electrónica especializada sobre docencia universitaria para a difusión de experiencias de innovación metodolóxica e boas prácticas docentes.
- Dar Soporte metodolóxico á implementación do novo campus virtual co desenvolvemento integrado de novos módulos de apoio á docencia: a guía de aprendizaxe, a monitorización da dedicación do alumnado, o tutorial metodolóxico, a avaliación da aprendizaxe, a acción tutorial, o xestor de boas prácticas, o sistema de soporte metodolóxico online, etc.
- Promover a utilización de contornos de traballo colaborativo como plataformas de soporte á comunicación e intercambio para o

desenvolvemento de proxectos de innovación metodolóxica educativa na docencia universitaria.

- Impulsar a implantación dun proceso de tutoría académica baseado nun modelo orientado á aprendizaxe e integrado no campus virtual.

Ademais destas funcións, o SD poderá incorporar outras novas que se deriven das necesidades do contexto no que desenvolven a súa actividade e dentro do ámbito do soporte á docencia.

## 5. Accións

Na actualidade, desde a Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, lévanse a cabo as seguintes accións que se poden enmarcar no ámbito de actuación do Soporte á Docencia:

1. Difusión do proceso de Bolonia a través da web institucional con información relevante e actualizada sobre o espazo europeo de educación superior no marco europeo, o sistema universitario estatal e o da nosa comunidade autónoma.
2. Deseño e asesoramento ao proceso de redefinición dos actuais títulos en termos de competencias académico-profesionais como base para a elaboración das guías docentes das materias en clave ECTS.
3. Definición do modelo institucional da UDC para a planificación da docencia de acordo ao sistema ECTS.
4. Desenvolvemento funcional dun soporte tecnolóxico sobre a base do modelo pedagóxico de planificación da docencia para sistematizar a xestión e difusión das guías docentes dos centros, das titulacións e das materias.
5. Implementación do modelo de planificación da docencia para o deseño e xestión das guías de aprendizaxe sobre a base das guías docentes das materias.
6. Deseño funcional dun soporte tecnolóxico sobre a base do modelo de planificación e xestión das guías de aprendizaxe para o desenvolvemento das distintas modalidades de ensino-aprendizaxe.
7. Creación dun soporte básico de axudas pedagóxicas que orienten a planificación da docencia de acordo ao modelo no que se estrutura tanto a guía docente como a guía de aprendizaxe.
8. Elaboración dunha guía de metodoloxías docentes.
9. Implantación do modelo sistematizado de xestión e planificación para a elaboración das guías docentes dos centros, das titulacións e das materias.
10. Coordinación da publicación "La planificación docente en el Espacio Europeo de Educación Superior (EEES)".
11. Apoio ao proceso de Avaliación Docente da UDC.





Ademais destas accións nas que se traballa na actualidade, no seu ámbito de actuación, o Soporte á Docencia asumirá de forma progresiva a súa participación no desenvolvemento das seguintes accións:

1. Elaboración da web de Soporte á Docencia como mecanismo para a súa proxección e difusión no ámbito universitario e en especial aos membros da UDC como usuarios directos.
2. Soporte metodolóxico online ao profesorado na elaboración das guías docentes das materias a través do sistema informatizado de xestión dos programas formativos das titulacións da UDC.
3. Apoio aos responsables de centros e titulacións na elaboración das guías de centro.
4. Seguimento online do proceso de elaboración das guías de centro e das guías docentes das materias mediante a obtención de informes a través do sistema informatizado.
5. Deseño dun modelo institucional de boas prácticas docentes como mecanismo que contribúa á formación do profesorado.
6. Asesoramento e apoio metodolóxico aos Grupos Departamentais de Calidade (GDC).
7. Desenvolvemento dun soporte tecnolóxico para sistematizar a creación, xestión e difusión de boas prácticas docentes.
8. Apoio á implantación dun modelo institucional para o desenvolvemento da acción tutorial na UDC.
9. Creación dunha revista electrónica especializada sobre docencia universitaria para a difusión de estudos, investigacións e experiencias docentes de innovación metodolóxica e boas prácticas docentes.
10. Asesoramento e apoio metodolóxico na implantación e utilización dos novos desenvolvementos de soporte á docencia do campus virtual da UDC.
11. Apoio á implantación dun entorno de traballo colaborativo como plataforma de soporte ao desenvolvemento de proxectos de innovación educativa na docencia universitaria.

## 6. Principios fundamentais

Para o desenvolvemento das súas funcións, o SD asumirá os seguintes principios:

- O desenvolvemento dun servizo desde o compromiso coa institución e toda a comunidade educativa desde unha perspectiva técnica e profesional sen establecer discriminación ou diferenza de ningún tipo de acordo aos procedementos establecidos na normativa propia da universidade.
- A consideración do traballo en equipo como premisa fundamental asegurando a participación en todos os ámbitos e niveis de actuación para a mellora da calidade nos procesos e no desempeño dos servizos aos distintos usuarios.
- A colaboración e apoio a outros servizos cos recursos humanos, técnicos e materiais que son da súa competencia para contribuír a un mellor desenvolvemento das súas funcións.
- O fomento da calidade e a excelencia para promover a plena integración no EEES, de cara a favorecer unha docencia de calidade para a formación integral dos estudantes.

## 7. Dependencia funcional e orgánica do Soporte á Docencia

Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea

## 8. Composición

O Soporte á Docencia será responsabilidade dunha comisión técnica que estará formada pola persoa responsable da vicerreitoría da UDC da que teña dependencia funcional e orgánica, o persoal técnico asignado a esta tarefa e será asesorados por unha comisión de soporte metodolóxico. Deste modo, o SD será asumido por:

- O/a **Vicerreitor de Calidade** e Harmonización Europea, ou polo vicerreitor ou Vicerreitora que asuma estas competencias.
- Un coordinador **da comisión** cun perfil técnico que asumirá as funcións de dirección e coordinación.
- O **persoal técnico**. O persoal técnico responderá a un perfil mixto que integre competencias profesionais no ámbito metodolóxico e no da tecnoloxía educativa.
- A **comisión de Soporte Metodolóxico á Docencia (CMD)**: órgano asesor e consultivo para a coordinación das accións que desenvolva a tanto de forma autónoma como aquelas que implican unha realización conxunta con outros servizos ou unidades desta ou outras universidades ou organismos. Composición:
  - O vicerreitor/a de Calidade e Harmonización Europea ou o que asuma estas competencias.
  - O coordinador/a da comisión de Soporte á Docencia.

- O director/a do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE).
- O director/a da Unidade Técnica de Calidade (UTC).
- O/a responsable da Área de Innovación Tecnolóxica do Servizo de Informática e Comunicaci3ns (SIC).
- O director/a da Unidade de Estudos propios e Posgrao (UEP).
- O director/a da Biblioteca Universitaria
- O/a responsable da Unidade de Teleformaci3n.
- Un docente por cada 3mbito cient3fico.

## 9. Infraestrutura

A Vicerreitoría de Calidade e Harmonizaci3n Europea prover3 3 comisi3n de Soporte 3 Docencia (SD) dos espazos e os recursos t3cnicos e materiais necesarios para o desenvolvemento 3ptimo das s3as funci3nes.

## 10. Colaboraci3n con outros organismos, centros, servizos e/ou unidades

No contexto da UDC, a comisi3n de Soporte 3 Docencia (SD) colaborar3 en coordinaci3n cos centros, departamentos, servizos, 3reas e unidades para dar soporte metodol3xico na realizaci3n de acci3ns ou proxectos que te3nan unha vinculaci3n directa con cuesti3ns relacionadas coa docencia e que requiran da s3a participaci3n. En especial coordinarase no plano metodol3xico con outros servizos de apoio 3 docencia como:

- A 3rea de Innovaci3n Tecnolóxica do Servizo de Informática e Comunicaci3ns.
- A Biblioteca Universitaria
- A Unidade de Teleformaci3n.
- O Centro Universitario de Formaci3n e Innovaci3n Educativa (CUFIE).
- A Unidade T3cnica de Calidade (UTC).
- A Unidade de Estudos propios e Posgrao (UEP).
- O Servizo de Recursos Audiovisuais.
- O Servizo de Publicaci3ns.
- O Servizo de Relaci3ns Internacionais.

A nivel externo, para o cumprimento da s3as funci3ns, conscientes das vantaxes que sup3n a cooperaci3n interuniversitaria, como principio b3sico que promove a construcci3n do EEES, o SD participar3 a trav3s de convenios e proxectos que a



UDC realice en colaboración con outras universidades e organismos a través dos seus respectivos servizos implicados no apoio aos procesos de innovación metodolóxica á docencia.

## **11. Localización e contacto**

Soporte á Docencia (SD)

Reitoría. Universidade da Coruña

Rúa da Maestranza, 9

15001 – A Coruña

Teléfono: 981 167 000

Extensión:

Fax: 981 167 041

Correo electrónico: [sd@udc.es](mailto:sd@udc.es)

Espazo web: <http://www.udc.es/sd>

## **12. Imaxe corporativa**

Os espazos de difusión do Soporte á Docencia adecuaranse aos estilos da imaxe corporativa da Universidade da Coruña e respectarán un estilo de comunicación que promova a igualdade de xénero.

Proponse como logo representativo:

**SD**  
**Soporte á Docencia**